




ALÍ VIVÍA UNHA FAMILIA MOI REAL:
UN REI,
UNHA RAIÑA,
UN PRÍNCIPE
E
UNHA PRINCESA.



VIVÍA TAMÉN ALÍ UNHA PANTASMA QUE SE CHAMABA ROBER.

FACÍALLES MOITAS TRASNADAS: BOTÁBALLES FOLLIÑAS DO XAR DÍN DERRIBA DAS SÚAS CABEZAS CANDO ESTABAN A DURMIR; TIRÁBALLES AS COROAS AO CHAN; QUITÁBALLES O PRATO CANDO ÍAN COMER; PECHABA E ABRÍA AS PORTAS...

PERO ERA UNHA PANTASMA BOA...



5




6


PERO ERA UNHA PANTOMA BOA
E COMO ERA INVISIVEL PODIA
FAZER O QUE ELA QUEREA E
PODIA ATRAVESAR TODO O PAIZ
SEM TER QUE ABRIR AS
PORTAS. PERO UM DIA ABRIU UNHA
PORTA E ATOTOPAV UNHA GRAN TARTA
QUE DEIXARA O COCINHEIRO ENRIBA DA
MESA. ERA O DE ADEANOS DE POBR!!
CUMPLIA 5 ANOS!! ESTABAN INVITADOS













ENTRE TODOS REGALARAM
UN COCHE U OADOR QUE...

Tia ás, tia pousava para
poñer a cola-cola e tia tamén
un cachorro para apoiar a
hamburguesa.

A pantasma subiu ao coche
e saíu voando moi
alto.



21

ROBER via os paxarinhos de Castrelos,
as nubes e de supeto

22



o coche voador aterrou na pista
do pavillón de deportes do cole
Mestres Goldar. Había gardas de
tráfico e un deles díxolle que tiña
que pórle unha multa ao coche voador
porque alí non se podía aparcar, pero
ao final e despois de moito dialogar...




mon puxo a multa.

ROBERESCOITABA UNHA MUSICA
MOI, MOI FESTEIRA E DEUSE
CONTA QUE TRABALHAMOS TODOS
NENOS E MENAS CANTANDO E
BAILANDO.

Entrou por unha porta
de cor marrón e alí dentro
estaban os rapaces e
rapazas do cole no Entroido.



Rober explicou-lhe ao guarda que quedaria naquel cole porque lle apetecía participar nunha festa tan divertida. Así pensou que, co seu coche voador, formaría parte da comparsa dos aviadores.



Ao pouco de estar na festa, xa empezou a arxallar unha das súas falcatruadas. Despois de cantar un pouco, decidiu cambiar a música do festival, e aquilo converteuse nunha desfeita: as flores mesturáronse cos maríñas, os animais bailaban o hip-hop no canto dos rapeiros e as sevillanas puxéronse de vellos. Un desastre!



Mentres tanto o rei e a raíña, moi preocupados,
andaban buscando a Rober por todo o
país. Como non o atopaban foron
mirar se estaba no parque de Castrelos,
pero nada.



Despois decidiron avisar á policía para que investigase e conseguise dar con el. A policía, rapidamente, se puxo a traballar preguntando a todo o mundo ata que chegou ao cole Mestres Goldar.





Os policías decidiron chamar o rei e a rainha. Chegaron desesperados ao colexio, pero como era a festa do Entroido ningún se sorprendeu das súas vestimentas. Rober decatouse de que estaba alí e decidiu aterrar co seu coche voador e mesturarse con todos os nenos e as nenas e así seguir pasándoo ben na festa. Que divertido era todo! Os reis empezaron a correr e a perseguir a Rober por todo o escenario. O público entusiasmado non paraba de aplaudir pensando que a escena formaba parte do espectáculo. (Só había unha persoa que sabía a verdade, Tomiño).



Ao chegar os policías ao cole, axiña se deron conta de que no pavillón estaba pasando algo que non era normal. Alí había unha festa de Entradas onde a música estaba altísima - todos bailaban sen control. Un coche voador non paraba de ir dun sitio para outro e cando aterraba todos se pelexaban por subir: aviadores, flores, animais e ata as sevillanas. No medio desta desfeita estaba un profe, Toniño, intentando que todo volvese á normalidade.



Os príncipes que tamén estaban moi preocupados decidiron saír en busca de Rober. Enseguida escoitaron música, aplausos, risas e achegáronse ao pavellón do cole. Que divertido! Eles tamén se uniron á festa. Cando Rober viu entrar aos príncipes tivo unha gran idea: subiu ao seu coche voador e foi rapidamente ao seu Castelo a coller a torta do seu aniversario. Regresou rapidamente e aterrou no medio do escenario cun gran bruido.



De súpeto todos calaron, a música cesou e o rei, a rainha e os príncipes achegáronse a Rober con cara de poucos amigos... O público empezou a aplaudir e os nenos e as nenas que víron a torta de aniversario empezaron a cantar: "Parabéns para ti..." e maxicamente a torta empezou a repartirse entre todos así como orellas, filloas e outras lambetadas. Todos xuntos cantaron e bailaron ao son da música. Que festa do Entroido tan divertida!



Desde entón todos os anos Toniño é o encargado de mandarlle unha invitación por correo-e, xa que con eles o Entroido é máxico!

Ah! E nós tamén estamos convidados a ir cando queiramos ao seu Castelo:
o Pazo Quiñones de León

Conto colectivo realizado polo alumnado de
Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria

CEIP Mestres Goldar
Curso 2010 - 2011